

06 XULLO DO 2006 - NÚMERO 625

rdl

**REVISTA
DAS
LETRAS**



Nela Quesada

Nela Quesada [mercadorías]

Nela Que x señor Pause





¿alguna vez



lo has pensado?

Nela Quesada (Lugo, 1979) encontrou na videoocreación un espazo de esculca onde conflúen a pintura, o audiovisual e a performance, nunha traxectoria sen apenas referentes en Galicia que ten no proxecto Alga.com, na montaxe 'Census' do Colectivo Ludd ou na impactante intervención 'Santia Fister' algúns dos seus fitos máis recoñecibles. Poeta visual –como ela se define– e pintora que deixou de pintar cadros para pintar películas ou diapositivas, Nela Quesada presenta en Revista das Letras estas 'Mercadorías', sobre un soporte de papel que habitualmente ela non utiliza. Concibido como un “traballo de traballos” –eixe conceptual de toda a súa obra–, reciclaxe de elementos que foi descubrindo e almacenando durante un tempo, estes “anacos” de concreción descubren a complexidade creadora dunha artista que indaga no labirinto das máis recónditas pantasma da nosa cultura.



Un paseo polos barrios baixos do meu consciente máis
primixenio.
Unha película de Super 8 atopoume. . .

. . . nurhaviaxe ó norte da Europa.
Un poema improvisado para ti



حانقا

micron



Recollin
palabras
esquecidas
nunha
gran
cidade

ements Ces... la dépe
de la peinture des chaussures
ais je compense le manque d'inf
urprise. On gratte la surface, d
a bouche et se présenter ca
et d'IT-ALIENS: ca
rien tout ensemble en

LA DICTATURE
C'EST FERME
TA GUEULE ET
LA DEMOCRATIE
C'EST CAUSE
TOMMURS.



FUCKING
HELL

FAITES DU REVE
VOTRE REALITE

ie rana,
huky jdou do práce,
zas další korále
poztráčet



ATTENTION

PEINTURE FILAICHE

Un
esquisito
cadaver
urbano



les arts déments c'est
de vue et de la peinture
plus complexe mais je compense
un soupir surprise. On grat
pour ouvrir la bouche et
d'intervauts et d'It-Al
la per pour rien tout

YEAH

NUNCA MÁIS


I saw
an egg
in the
toilet.

Sluit mijn ogen niet,
ook al ben ik dood,
ik zal ze nodig hebben om te leren,
om te zien en mijn dood te begrijpen.


Pablo Neruda

Je ráno,
holky jdou do práce,
zas další korále
poztracet

Poezie
pro chodící




Coordinación: A.R. López e S. Noia. Deseño: Signum.



13 XULLO DO 2006 - NÚMERO 626

rdl

**REVISTA
DAS
LETRAS**



Lupe Gómez

Lupe Gómez (Fisteus, 1972) enfróntase desde hai anos a un dos proxectos máis ambiciosos da Literatura galega contemporánea: realizar a crónica poética de Compostela –e de Galicia– a través dunha mirada desbordante. Convertida na autora máis prolífica da xeración dos anos noventa e, ao mesmo tempo, na de maior difusión internacional coa súa obra traducida a varios idiomas, Lupe Gómez asentou co tempo as bases da súa literatura sen perder en ningún momento a súa espontaneidade e, sobre todo, a súa capacidade de provocación, cuestión esta última que a leva a ser continuamente o centro da polémica, con afevecidos defensores e furibundos detractores dunha poesía que, malia os ataques, quedou fixada xa á memoria colectiva do país

Lupe Gómez

Voar en

Compostela

con letras de turbación e rebeldía. Periodista, colaboradora habitual de ‘Galicia Hoxe’ e de ‘Revista das Letras’, Lupe Gómez ofrece neste monográfico catro textos que axudan a completar o plano humano da cidade a través de catro persoas clave na súa particular paisaxe íntima: Uxío Diz, Xohana Torres, “o meu amigo da néboa” e Rosalía de Castro. En vésperas de presentar o seu libro ‘Quero bailar’, nutrido de poderosas composicións coas que compón un diario emocional, e un ano despois do seu impactante ‘Luz e Lupe’ –un dos éxitos editoriais da temporada pasada en Galicia–, Lupe Gómez completa a triloxía compostelá con estes textos que hoxe publicamos, presentados xenericamente baixo o epígrafe ‘Voar en Compostela’.



Todas as mañáns

A Xosé Uxío Diz

4 | **r d l**
Galicia Hoxe 13/07/06

Todas as mañás
Uxío pasa na súa
cadeira de rodas
polo barrio do amor.

**Vai contento e
enfadado.**

Para el Compostela
é unha canción.

A veces fala comigo
E BERRA.

A veces **baila**
hip hop. As súas pernas
están mortas, pero os seus
ollos son vitalistas e
fermosos.

O seu corazón
é grande, e él
enfádase.

REVENTA, como reventan
os coches cando hai
accidentes. Eu sempre
lle regalo
**flores de
Fisteus.**

Eu cando non
me sinto
namorada tamén
parezo
un can.

Uxío mírame
e pídemme
ilusión.

Vai a todos
os actos culturais
da cidade, e non
apaga o móbil,
e sempre intervén,
porque quere que
o miremos, quere
protestar, quere
encher o mundo
co seu **desamor**,
que tamén
é amor.

EU DANZO
E NAMÓROME.

El, todas as mañás,
mira para min,
estende os brazos,
e dime:

¡VOAR!

Naceu como un
neno morto.
Despois durmeu
moitas noites

na rúa,
**emborrachouse
de drogas e alcol.**

Era tan infeliz
que só quería morrer
para volver nacer.

Quería **AMAR.**

Escoitar contos
cerca do MAR.
Por iso escribía
POESÍA.

Sempre defendía
A EUTANASIA.
E era a persoa
máis **VIVA**
da cidade.

A veces namorábase
de sereas e **choraba**
comigo, porque non
eran amores
correspondidos.

Porque el vivía
morto nunha cadeira
de rodas todos
os días.

A súa forma
de amar tamén
parecía unha
provocación
contra Deus.

E CHORABA
E DROGÁBASE
Mentres os nenos
e as nenas
corrían na
bicicleta
sen caer,
sen mancarse.

A CIDADE
era fermosa
todos os días.

**SEMPRE ERA BONITO
VER AMANECER.**

Camiñar pola chuvia
como un príncipe manco
na cadeira de rodas.
Sempre O SOL
era provocación.

Uxío é unha
bolboreta sen alas,
que cun coitelo
racha
a incompreensión.

TODA A NOITE BAILA,
e sempre vai aos meus
recitais. Sempre quere
que eu o avise. Para rachar
comigo as bragas, e levantar
moito as tetas.

Compostela é
UNHA REVOLUCIÓN,
todos os días.

E cando anoitece vai
ao Rúa Nova
e bebe
moita cervexa,
e fala
cos amigos.

Eu todas as mañás
poño **MÚSICA**
e sinto **AMOR.**

E empeza
un novo día
e Uxío véndeme
o cupón, sempre
vai **contento**,
sentindo **RABIA**
e desolación.

Míroo, e parece
que pode
VOAR.

Porque está namorado
desta cidade que
lle fai soñar e
camiñar e
sentirse vivo.

Todas as mañás

Compostela érguese.

O aire move as nubes

Ao meu amigo na néboa

Eu espérote
cun vestido
moi elegante,
fumando
un puro,
no **Casino**.

Compostela é
unha casa
moi grande.

Ti apareces
e traes para min
flores.

Tomamos
unha infusión
de amorodo e vainilla.
Divertímonos.

O AIRE MOVE AS NUBES

Ti e eu
falamos moito,
escoitámonos,
mirámonos.
VOAMOS.

**Sempre é de noite,
e sempre amanece.**

Os pallasos
están borrachos
porque senten
TRISTEZA.

Ti disme que
a vida é fea.
Eu pinto
para ti
unha acuarela.

A tarde vai pasando,
e ti e eu cantamos
cancións secretas,
nosas, en silencio.

Eu fáloche das inxustizas,
das hipocrisías, do meu
amor intenso, da alegría
que sinto cando vou
ao teatro, cando nos ollos
me nacen bolboretas,
cando che escribo cartas
que ti recibes contento,
e a esperanza é
un lugar roubado.

Ti tes no corazón
accidentes terribles
que non che deixan
vivir. A vida é
fermosa.

SOÑAR É IR EN TREN

Hai días nos que
me sinto moi
triste, e non podo
escribir para ti
poemas.

OS CABALOS DORMEN E SENTEN MELANCOLÍA

Pasamos toda a tarde
no Casino, espíndonos
nas palabras, xogando
a mirar polas ventás,
mirando o amor da xente,
o silencio da cidade,
a loucura do poema.

SENTÍMONOS MOI AMIGOS!
Profundamente namorados e
alegres.
Cos corazóns enlazados na
ternura.
Como se fosemos dous tigres.
Como se o amor fose un barco.
E a amizade que nos une fose
eterna.
Como se fosen eternas as
flores.

Ímonos do Casino.
Paseamos polas rúas de
pedra.
Como dous xigantes
que se queren,
que se buscan,
que se abrazan.

EU SÍNTOME
COMO HEIDI
BAILANDO.

Na praza das **Praterías**
miramos cara ó ceo,
as nubes que se moven,
como se move a inocencia,
como se move a ilusión.

Eu dígoche que
nunca entro

na **catedral**,
porque dáme medo
entrar e atopar
cóbregas.

A QUINTANA
PARECE
UN TEMPLO,
UNHA RELIXIÓN

EU SINTO MOITA LIBERDADE!
Non hai dinosaurios
no amor.

Gústame pasear contigo
por **Compostela**, sentirme
atravesada por leóns,
e compartir contigo
tantas cousas!
tanto amor!

Sentirme romántica
mentres as nubes
se moven, e fai sol,
non chove.

Entramos nunha tenda
moi bonita, e ti **regálasme**
a cousa da tenda que
a min máis me gusta.

É como se me regalases
un **palacio** moi grande
de flores e acordeóns.

O teu regalo de poesía.
Unha camiseta moderna e
alegre
coa cara da poeta amada e
rebelde
Rosalía de Castro.

Camiñamos por **san roque**.
Miramos a beleza. A fachada
do convento de santa clara.

HAI MOITAS GAIVOTAS NO BARRIO DO AMOR.

Compostela namórase

Paseo contigo pola Rúa Nova

A Xohana Torres

Paseo contigo
pola **Rúa Nova**,
levamos sombreiro
e saia nova.

Ti nacías
en **Compostela**,
cando os cabalos
corrían polos prados,
cando eu me
namoraba en
Fisteus.

A túa avoa Lola
creaba en ti
a beleza.
As vacas
camiñaban
en paz, contentas.

EU ROMPÍN A VOZ
Naceron os versos.

No mar Penélope
baila, e a min
gústame navegar,
sempre me namoro
en Compostela, e ti
disme que o silencio
é duro e maxestoso,
que temos que pasear
e romper cristais.

Unha vez viñeches
a Compostela a coñecerme,
estivemos sentadas nos sofás
do casino, moi contentas
e moi borrachas, parecías
unha muller cantareira,
e eu escondín
os dedos rotos
debaixo do piano.

Viñas do mar,
e traías tanta alegría!
Estivemos paseando
pola **Rúa do Vilar**,
e facendo fotos
nas que saímos
moi guapas e
elegantes.

A avoa Lola traballa na
terra,
e fai que sintas amor
cando eras nena.
O meu pai mírame aos ollos
como miran só os poetas,
como nun soño.

GALICIA É LABREGA

Na primavera paseo contigo
pola Rúa Nova, con flores
no pelo, como se fosemos
emigrantes ou estranxeiras.
Hai paxaros
na berenguela.

Ti e eu escribimos nas pedras
que queremos VOAR.

No barrio do amor
ás veces recibo
as túas chamadas,
que me alegran.
FALAMOS DE POESÍA
E DE AMOR

**A liberdade é un barco
grande, que navega sempre,
e ti sempre eras a primeira
en saír a bailar, sen renunciar
a ser ti, muller amando na
sombra,
facendo cos puños unha festa,
nación independente e solitaria,
cando paseamos sempre me dis
que estás namorada, que
sofres,
que no mar as mulleres como
nós
sempre están soas, que a
memoria
é un profundo suco, que
rompen
os ollos de tanto mirar, e
amanece
cando é noite, cando nos
cansamos
de galopar.**

**SEMPRE, CANDO PASEAMOS,
RIMOS COMO NENAS
PEQUENAS,
IMOS TAN ALEGRES POLA RÚA
E CANTAMOS TANTO, QUE XA
NON TEMOS MEDO NOS OLLOS,
E FACEMOS XUNTAS POEMAS
E CONSTRUÍMOS CASAS**

Nunha cafetería antiga
pinto os labios
e escriboche
unha carta.
Ti estás en Vigo
mirando o mar,
bailando como
unha serea.

Cando eu lin
Adiós, María
eu tiña as pernas
cortadas.
O meu corpo
doíame, e sangraba.

Estiven no hospital
moito tempo, sen poder
navegar, e os médicos
dicíanme que eu
non servía para nada.

Agora paseo contigo
pola Rúa Nova, e ti disme
que teño que **escribir**
unha novela.

ESCRIBIR É VIDA

Para ti eu son **Lupeimpúdica**,
e fas festas coa miña poesía,
e poñemos o sombreiro
e imos ao **teatro**.

Somos rebeldes, a adolescencia
é un prado, ti e eu rebentamos,
soñamos con ser quen somos,
somos expulsadas da escola,
fumamos cigarros grandes,
rompemos as bragas,
somos fortes cando
cantamos, cando
no noso silencio nace
un berro.

Heidi cando baila
é eterna.

Eu hoxe poño
un vestido azul
e pinto moito os ollos
para pasear contigo
en silencio.

**Atravesamos a luz
sen medo, nada hai
que rompa o noso
amor, porque somos
violentas como o sol
cando dá nos ollos,
e o mar habita
os nosos cuartos,
levamos vacas
no corazón, e sempre
bailamos cando se vai
a xente, cando os espellos
nos din que somos mulleres
poetas vencendo o frío.**

**E o silencio, cando paseamos,
fai que voemos no vento.**

**Eu tamén navegar
en Compostela**

Poeta amada e rebelde

A Rosalía de Castro

Es a poeta
amada e rebelde.

Camiñas por
Compostela coas
mans sangrando.

A min na escola
fálanme de ti
e dinme que es
“santa”. Eu cando
vou á misa síntome
estraña.

Nacías
o 24 de febreiro
e traías os ollos
cheos de flores.

As mulleres
de Fisteus
choran polas
noites.

Eu
co meu pai
e coas vacas
parezo Heidi.

**Facer poesía
é schar
na Terra.**

MEDREI.
Conversando
con **Luz Fandiño**
coñecín de novo
a Rosalía, e
comprendín
a súa poesía.
O SEU BERRO.

Era de noite,
e chovía
en Compostela,
e eu lía a Rosalía.
**Bailando con ela
nas estancias escuras,
nos recunchos bohemios,
como dúas mulleres
rotas e románticas,
aprendendo os versos
na vida, no que nos rodea,
sentíndonos borrachas
de sentimento. Ela
cando baila colle
a xustiza pola man,
fai co seu corpo
e coa súa alma
un barco enorme
de dignidade.**

Séntese humilde
Rosalía. Ela é

a poeta galega
máis humana,
a máis sinxela,
a que lava os ollos
nas fontes, a que se
senta nunha pedra, e
fala coa lúa como
se a lúa puidese
falar con ela.

Para min Rosalía
é unha amiga,
e falo con ela,
escóitoo, quedo
con ela nunha
cafetería antiga
para tomar café,
ela dime que se
sente estranxeira,
que a xente non
a comprende, que
lle rompen o vestido
cando ela pasea
por Compostela.

**ELA É MULLER.
ELA TEN ROTAS
AS MANS, CANDO
ESCRIBE SÉNTESE
CURADA POR DENTRO
E BOTA A VOAR. ELA
ESTÁ NAMORADA
E ESCRIBE POEMAS
QUE ME ALEGRAN,
QUE ME FAN CHORAR.**

Eu tamén teño
unha **negra sombra**
que me asombra,
que me desfai
por dentro, que
cando eu río
ela chora.

A VIDA É BONITA
COMO UNHA FESTA
DA ALDEA

Coñecín a **Novoneyra**.
Paseei con el por Compostela.
Díxenlle que me sentía
chea de amor, que a poesía
medraba en min como
as patacas na leira,
e el díxome que Rosalía
era unha muller plena,
que María Mariño
paseaba solitaria
polo mar como unha
balea, díxome Novoneyra
que as mulleres somos
verdadeiras como
o viño.

Rosalía séntese
galega, porque

o seu amor a Galicia
é moi grande, e
nesta Terra medra
a música das palabras,
é como se no máis
fondo de nós
houbese unha cova
profunda, a
tristura eterna
das nenas que falan
pouco, que cando
escriben se senten
importantes.

**Rosalía atravesa
os espellos, e co
seu puño aberto
constrúe unha flor
preciosa de inverno.**

Eu vou ao
teatro con
Rosalía. Ela é
actriz, sabe soñar
no escenario, sabe
caer e erguerse
con forza, eu dígolle
que me encanta
o teatro.

Roberto Vidal Bolaño
inventa o teatro
en Compostela, mentres
Rosalía mira para el
e séntese tan contenta
que xa non se sente
soa.


**ROSALÍA BAILA
AÍNDA QUE ESTEA
MORTA, E EU BAILO
CON ELA, E BAILA
COMPOSTELA, E
GALICIA BAILA
PORQUE SE SENTE
AMADA E
REBELDE**

**Como a flor
do toxo
na primavera.**

**Como os ollos
bonitos
das nenas.**

Rosalía
nace e soña
en Compostela.

Coordinación: A.R. López e S. Noia. Deseño: Signum. Foto de portada: Antonio Hernández



20 XULLO DO 2006 - NÚMERO 627

rdl

REVISTA
DAS
LETRAS



Samuel Solleiro



Samuel Solleiro 'punk' e outros textos

Samuel Solleiro (Tui, 1982) deuse a coñecer a primeiros da década con 'Elexías a Deus e ao Diaño' (Xerais 2001), un libro no que deixaba clara a súa vontade rupturista e provocadora, tanto na forma como no alcance político da súa proposta. Agora, e en vésperas de que apareza o seu segundo poemario –'dz ou o libro do esperma', tamén en Xerais–, Solleiro achega textos de 'punk' e 'guinevra e os paxaros verdes', dous libros inéditos onde a súa radicalidade se endurece con paisaxes fondamente nihilistas de densidade emocional. Licenciado en Antropoloxía, colaborador de distintas publicacións, entre elas o fanzine anarquista 'jart@s', Solleiro tamén traduciu ao galego poemas de Eric Cassases e Gerald Horta.

forever young

na madrugada do 2-6-2006 un porteiro non gostou da miña cara e sacoume a hostias do planta baixa (vigo). Sentínme profundamente punk e desexaba eu escribirlle no ventre algo con calquera utensilio pouco épico: ocorreseme unha garrafa de cervexa rota, claro.

punk. E así vivemos, así os homes espárense a súa vida pola rúa como mexar e que se fagan ríos, xa sabedes, ríos. Nalgures hai un lugar prohibido onde nos espera unha hemorraxia ou, non sei, calquera animal perigoso, un can, un cancro (animal moi perigoso), ou, seguindo a serie de palabras encadeadas, un crocodilo (tamén un cromagnon ou un cronómetro). Ese lugar sempre existe. Chamáremoslle mar.

non somos novos para sempre, johnny. Un día non temos dentes.

non somos novos para sempre. As avoas teñen a memoria que lles convén e sempre é que os nosos pais casaron cando tiñan un ano menos ca nós. Que farán elas despois cos seus bisnetos? Devoralos? Con cogumelos e mollo de cebola talvez? E que contaremos nós cando de verdade sexamos vellos e non nos vexamos no espello ou desexemos non vernos máis? Unha liorta a navalladas? O concerto de bob dylan no monte do gozo (may god bless and keep you always...)? Sempre podemos mentir, explicar que o 2-6-2006 escribemos no ventre do porteiro algo como no future ou fuck off, algo en inglés de todos os xeitos.

(dime: os punks que hoxe son tan vellos fixéronse punks con 40 anos ou teñen hoxe 40 anos e o corpo estragado excesivamente como sacos de cemento baleiros?)

demasiado que perguntar e só un corpo.

o porteiro (é curioso e, por estraño que pareza, estaba no seu -digamos- dereito) non gostou da miña cara e non gostou apesar de non ser eu e non ter sido nunca punk

[de *punk*, inédito]

Ilin

el, gordo e feliz, é o profesor de autoescola e cre pertinente citar algunhas veces autoridades como mónica naranjo: al amanecer ya vuelvo a ver la puta realidad. Gosta de conducir pola autoestrada. Unha tarde (os ollos abrindo orquídeas) pergúntalle a helena algo sobre o Ilin. O Ilin, o Ilin. Ela tarda en comprender (o Ilin, que palabra), despois dá unha resposta amábel, máis ou menos a que el espera, todo vai ben, etc.

ningún dos dous coñece o tao te king. El falaba do ximnasio. Ela entendeu que falaba da xenebra.

abandoan a autoestrada pola próxima saída, etc.

[de *punk*, inédito]

die liebe

e así nunca puido ela saber se fora hans ou fora wilhelm o que lle escribheu aquela carta sen asinar: quero que cases comigo e que teñamos un fillo, e como cada un ignoraba a existencia do outro non podía ela perguntar sen se comprometer perigosamente e por iso seguiron até o final das súas vidas visitando apaixonadamente os palleiros de todo o país

[de punk, inédito]

cabalos przewalski

(que son, deusa rara, velaíña, os que nas estepas de chernobyl se multiplican sen medida e sen control, grandes e gordos: os que dan máis noxo do que nunca pensei eu que podería caber nun cabalo, imaxínaos, agallopando no céspede azul eléctrico, bébedos sempre de radiactividade para ti)

o amor era grande como bielorrusia

[de punk, inédito]

7/6

ninguén ten vinte e catro anos. É certo que unha pouca xente ten vinte e cinco, mais ningún ten vinte e catro anos. O normal é ter, que sei eu, vinte ou vinte e un. E vinte e sete. Moitísima xente ten vinte e sete anos. Mira a televisión, escoita os concursos, nos concursos da televisión todo o mundo ten vinte e sete anos. De aí xa pasamos aos trinta e un, trinta e tres, trinta e oito. Palabras maiores. Mais ningún ten vinte e catro anos. Poderíase dicir que os vinte e catro anos son un país solitario

[de punk, inédito]

os pterodáctilos

os blues son a bso dos perdedores e dos pterodáctilos

(non

dos perdedores á ruleta ou dos perdedores

ao billar ou dos perdedores ao dominó

senón simplemente dos perdedores, que non son os que sempre perden senón os que perderon algo algunha vez, isto díxoo alguén que grrrr non podo lembrar agora).

eu considérome, claro, pterodáctilo

ou ser vivo grande que cruza un ceo antigo e que está só mentres o cruza, xa sabes, pterodáctilo:

isto (isto mesmo) podería ser

amor e contracultura, ou o que é o mesmo

amor e argolas nos bicos dos peitos.

que rhizoma (sabes o que é un rhizoma?) me conecta cos perdedores, pergúntome cando se fai de noite e se acenden os televisores de chicago,

e só unha resposta que é a música máis triste, a máis triste de verdade

just me

and my

telephone

[de *punk*, inédito]

os nenos que viven perto dos camiños de ferro case nunca morren de tuberculose

é triste, claro, tan triste polo menos como esas consumicións que pedimos nos bares cando o único que queremos é pasar aos servizos.

é triste tamén, claro, tan triste como dicir algo tremendamente provocador (as praias nudistas sempre tiveron para min un grande interese de tipo basicamente sexual, etc.)

é triste que non me escoites ou que te suicides ou que me suicide eu ou os filmes dos anos 50 ou que pase o tempo. Todo é triste.

como lyndon johnson perdendo aquel combate ou como o ionqui de barcelona que esmaga contra o chan todas as pombas que atopa e o concello así e todo non lle paga un soldo de experto en disuasión de aves ou como os porcos aterrorizados polo outono

oink oink oink

Estas son as preguntas fundamentais:

que é a vida? Por que pasan os anos? De que marmelada se fai o infinito?

que queres de min?

se te chaman astronauta e te ofendes non será porque no fondo o es?

[de *punk*, inédito]

[1]

o vento sopra desde o mar
medran os ollos dos peixes
e na boca
do útero
unha canción
tecnoloxía punta
materia de bretaña

e quererte porén

algunhas cousas sen significado
un zapato de señora ou
un zapato de señor

[de *guinevra e os paxaros verdes*, inédito]

[2]

ese lume teu de azuis
formigoneiras excavadoras tranvías
é unha música triste
é unha música triste

como cantar baixiño
como peixes en silencio

(fóra miña nai fala polo telefone
e semella que di

baina ez da gerezirik inon ikusten
joseba sarrionandia
como fdsff gdgszgh ñjkhgjfj

sen violencia
os ollos abrindo orquídeas)

e debuxará guinevra unha porta na
parede para que os veciños tamén sintan
formigoneiras
excavadoras
tranvías

é unha música triste
é unha música triste

[de *guinevra e os paxaros verdes*, inédito]

[3]

e como eran as illas nos
días das ortigas perpiaño
e cal como eran
brántega sárdoma limiñón
as pontes de garcía rodríguez (e quen
sería garcía rodríguez?)
diciamos tixola

cantando entrementres
cancións vellas como o ferro e os ferreiros
o frío polar-
oid
ante todo

o ártico meus amigos o inesquecível
propaganda para princesas
pór unha
pedra sen ir
máis lonxe aquí

palabras que empezan por ultra-
super-
tamén hiper-

e outras como kitsch
naïf
a beleza que sabemos
me cago en dios e na cona de cristo

os agasallos (normalmente) levan un lazo moi
grande

eu mercarei o televisor

e para ti

breteña
e para ti
blasfemia
todas as cousas

[de *uguinevra e os paxaros verdes*, inédito]

[4]

abismo escríbese con toxo con
final así rematou todo a música nunca
fixo parte fundamental dos nosos filmes
era a beleza só iso como as abellas os escaravellos
os cínifes
através
arredor

outros non querían un tempo así

outros camisas a cadros bandeiras vermellas
o noso planeta sección sucesos
un home matou

que viaxas en comboio
que coñeces as palabras
que non deixas ver o bosco
guinevra

en resumo
tinta

terra
tos

camiñar fendendo corgas entre o esterco acedo

outros non querían un tempo así

[de *uguinevra e os paxaros verdes*, inédito]



27 XULLO DO 2006 - NÚMERO 628

rdl

**REVISTA
DAS
LETRAS**



Ignacio Castro


Ignacio Castro é, sen dúbida, un dos filósofos galegos de máis longo alento, cunha traxectoria que discorre entre a heterodoxia do pensamento occidental (Nietzsche, Lacan e Deleuze entre os seus favoritos) e unha produción literaria e ensaística que lle permite abranguer varios xéneros e espazos de reflexión. Profesor de Filosofía na Universidade Autónoma de Madrid e autor de textos como 'La explotación de los cuerpos' (2002) ou 'Crítica de la razón sexual' (2002), Ignacio Castro deuse a coñecer con 'Roxe de sebes' (2001), un libro publicado por Noitarenga que recollía a experiencia do autor durante as súas longas temporadas de illamento no Courel. Como filósofo,

Ignacio Castro

Veraneo

por puntos

desenvolve desde hai anos un traballo filosófico nunha dobre dirección. Por un lado, unha afirmación ontolóxica do referente da singularidade, da súa potencia irrepresentable, e polo outro, unha crítica da orde microfísica do poder posmoderno. En ambos os dous rexistros tenta rescatar a precisión conceptual de distintos pensadores contemporáneos, de Agamben a Badiou, de Žižek a Baudrillard. No texto que agora reproducimos en Revista das Letras, Castro intérnase nunha cuestión de actualidade: o carné de conducir por puntos. A súa páxina web é www.ignaciocastrorey.com



É certo que resulta doado criticar calquera iniciativa masiva de calquera administración, atrapadas como están no electoralismo, a estatística e unha opinión pública de cuxa molicie participamos todos. O caso é que, aínda supondo que un estivese completamente de acordo coas razóns e a eficacia desta medida do carné por puntos, suscita un problema político de fondo que algún día pasará factura. De acordo en que o campo da liberdade segue sendo infinito, posto que ningún sistema político se esgota en ningunha tendencia e que a vida continuará sendo imprevisible. Pero isto vale para demasiados réximes que non son desexables. Falando nestes termos, non deixa de ser inqueda o avance da nosa vontade normalizadora. Por suposto, esaxeramos, pero ás veces todo parece apuntar na dirección de certo totalitarismo democrático, sorridente, personalizado, no que converxe o horizonte da dereita e a esquerda, complicidade filosófica que inclúe, por suposto, a posibilidade de rabechas unilaterais por ambas as dúas partes. ¿A democracia moderna foi algunha vez outra cousa que unha forma de ditar persoalmente, nun ti a ti para o cal as groseiras ditaduras de antano non tiñan cintura? Vaíamos por partes.

1- Onte luns, ás tres da madrugada, con todos máis ou menos mamados na autoestrada –evidentemente, a esa hora a maioría non volvíamos de choiar–, a cidadanía circulaba en coches esmagadores co freo de man posto, a 100 km/h. Xamais se vira tal concentración de bebedores tan razoable, tan absolutamente cívica e concienciada. ¿Concienciados ou acolloados? En realidade, o réxime de Franco ás veces parece unha coña comparado con esta democracia que nos ten todo o día amedrentados con Facenda, Tráfico, Sanidade, Medio Ambiente, Consumo, Información e demais grupos de risco. Realmente, ¿somos tan perigosos para que se xustifique este despregamento case militar? ¿Ou é que o sistema mesmo é hipocondríaco e só pode soportar cidadáns vendados? De calquera modo, dado que o xénero de terror é un dos favoritos do público, posiblemente este novo terror das autoestradas nos aforrará a repetición dalgúns seriais televisivos, a enésima reposición de *O exorcista*.

Mentres tanto, a combinación de medo, corrección cidadá, Garda Civil silenciosa e carteis luminosos que constitúe o novo réxime vial, avanza. E todo isto en verán, para que o cidadán, como os canciños dun tal Paulov, se acostume mellor a interiorizar a nova normativa na vida cotiá, fundíndoa cos seus costumes e as súas máis queridas afeccións. Cada condutor debe converterse nun modelo personalizado do novo Estado entrañable, integrado bis a bis coas emocións.

Cada cidadán, un prototipo asustado e que ó mesmo tempo pasa o día asustando ós que o rodean.

2- Por suposto, esaxeramos. Pero non me digan que non é xenial o que esta medida estival ten de protectora, de perfectamente conectada coas ilusións sociais da maioría. E isto ademais cando varios admirados países europeos nos precederon na corrección política da idea. Aínda que non talvez coa mesma furia, xa que o furgón de cola ha de ser máis papista que o Papa. Quereríamos que esta España, que foi a penúltima nación da modernidade, sexa a campioa da posmodernidade. Para iso fai falta que o sangue, o instinto, a coraxe e a morte queden definitivamente para o flamenco, o cine de Almodóvar, as tardes de viño e, se acaso, a caza e os touros. Lembremos, de paso, que os estranxeiros non sofren a nova normativa, posto que non poden “perder” puntos. Como ven, todo xira en torno ó negocio dos servizos neste país terciario que somos.

3- Dentro da relixión da mobilidade, onde é obrigatoria a substitución constante –ata o cambio de parella–, ameazar a alguén con che quitar parte da mobilidade é outra vez xenial. Na época da globalización, integrada e informatizada, Estado e Mercado actúan como se non se coñecesen, como se fosen planetas distintos. ¿Non é isto abraiante? Cando temos razóns para pensar, por o dicir en termos clásicos, que o Estado-mercado segue conspirando contra a cidadanía. O mesmo sistema que che vende a mobilización automóbil, potente, privada e cara, castígate despois por ela, privándote dela. Non me digan que non lembra a táctica dos camelos –e de tantas empresas–, achegándose ós colexios para regalar droga e despois ter clientes. ¿O Estado, aliado co Mercado, é entón o primeiro camelo?

Por se acaso, sigamos. Fíxense: Por favor, non perda puntos. Pense nos demais. ¿Como que “perder”? Os puntos non se “perden” como se “perde” a carteira, como se “perde” a vida. Quítachos a primeira autoridade da nación, a única invulnerable, o mesmo Estado que, como brazo armado do mercado, che meteu polos ollos o coche –bastante caro–, a autoestrada e o alcol. ¿Como que os demais? ¿A mesma institución que che amola, a ti e os que te rodean, vai ademais acusarte de ser irresponsable cos teus? ¡Pero se dicíamos onte algo parecido do terrorismo, cando os mesmos que te mataban tentaban despois negociar cos teus parentes!

Quizais buscamos unha síndrome de Estocolmo xeneralizado. E a cousa funciona –está ben pensada–, co resultado de que nunca se vira tanta peaxe concentrada por cidadán cadrado. Pois é como se, con este sistema de multas e puntos, o cidadán paga por adiantado a súa propia morte cunha peaxe por triplicado. Pagas

a autoestrada; estás aínda pagando o coche. Agora vas pagar tamén cara a velocidade, a opción de elite que che venderon. O condutor –¿que é o cidadán máis que un condutor?– convértese así nun punto de concentración de investimentos. Mentres, pasan a toda velocidade, misteriosos, os coches escuros da nova nomenklatura. Señor, ¿era isto a democracia?

4- Quéroche 4'5 na escala R&J. Ódiasme 6'4 na escala Manson. Teño unha depresión 3'2 na escala Wundt. Tes unha erección 7'2 na escala Viagra. A xente é cada vez máis infeliz, máis malhumorada, máis calculadora, menos espontánea. Agora ben, os puntos invádeno todo, a numerificación avanza. Atrasados mentais como somos, vivimos nun curso perpetuo, con incentivos e castigos, igual que nos concursos televisivos, igual que nas empresas recicladas. ¡Viva a política dixital que nos permitiu esta servidume voluntaria, autenticamente acordada! Para que entón digan que a informática carece de ideoloxía.

Si, hai tempo que vivimos na autoestrada da vida por puntos, cunha constante avaliación cuantitativa en detrimento do cualitativo. Un membro, tanto diñeiro da aseguradora; un accidente mortal, tal indemnización; unha ofensa, tal multa. No supermercado global, todo debe ter o seu prezo. Todo é negociable, cuantificable: isto é o progresismo. Esquerda, dereita, o mesmo combate. A desintegración do que chamabamos ata onte vida – ¿lembran?– a mans da sociedade, ou sexa, da información, avanza a pasos axigantados.

Ó mesmo tempo, hai que dicilo, o cidadán ingresa nunha sociedade-ama de cría que se parece moito á dos Institutos de Secundaria: ó chegar a 36 faltas sen xustificar –¿lembran?–, perdes a avaliación continua e tes que volver comezar nun exame final. Volver comezar, que terrorífico e doce lirismo encarna tal emblema neste ermo da continuidade total, do aburrimiento socializado. É como unha metáfora do renacemento. Non desprecemos o papel perversamente estimulante de volver comezar nun medio onde a única novidade, ata agora, era a curva do colesterol.

5- Agora a miña forma de conducir pode ser drasticamente xulgada en dous segundos de erro, de mala sorte. O sistema é así, cego, aleatorio: a calquera pode tocarlle. Desta forma é como se o sistema integrase o accidente –así, tampouco aquí necesitamos á natureza. E isto é politicamente crucial para ter amedrentada a xente. Xera un respecto case relixioso que non lle sobra a un sistema en realidade moi aburrido.

Ademais, diciamos, a cultura dos concursos televisivos, cos participantes todo o día pechados discutindo en torno ás normas, interactuando, cada un competindo para non ser nomeado, para o facer mellor. Trátase de

lograr que o cidadán-arrimado sinta a súa vida en mans dunha sociedade que o parcela, o numera, contrólao e contrólaa paso a paso. É, como di un amigo, o que queda de Deus. Genau! E hai que demostrar que Deus, ou sexa, a Sociedade, existe, existe como algo que che asiste minuto a minuto, prémiate ou castígate. A deconstrución do que chamabamos existencia a mans da sociedade, da liberdade natural en prol da liberdade civil, chegará así ó seu paroxismo.

Dentro de dez anos, verán, teremos o DNI por puntos. A metade protestará –parte do negocio é ese– e todos cumpriremos mellor despois. Cuspir na rúa, dous puntos; tirar un papel, outros dous; botar unha bocalada, tres. Mexar á vista: retirada de carné e traballo social obrigatorio. Fágolles unha aposta. A sociedade debe demostrar o seu poderío para substituír a vella vida, para a asistir ó minuto. Trátase, en suma, de que pouco a pouco toda decisión individual non controlada, nin polo tanto cobrada, sexa máis ou menos imposible. Por cada acto, un número, duplicando os latexos para que todo o real pareza social. Bendita política dixital. Como no párking e en tantos outros sitios, unha eterna cola de espera: o seu ticket estase a procesar.

6- Cada cidadán é un punto de control que debe interiorizar as normas, mesmo denunciar os demais se non as cumpren. Por iso, insisto, a nova medida ensáíase en verán, cando a xente ten tempo e correría o risco de ser feliz, mesmo un pouco libre, vivindo sen medo durante trinta días. Tirar unha cabicha: 4 puntos. Non gardar a distancia de seguridade: 3 puntos. Que medo. ¿Canto tardarán en pór puntos por masturbarte no coche –logo de andar excitado todo o día–, por subir o volume da música, por escaravellar no nariz, por comer un bocadillo? Todo isto cando hai preto unha mancha de aceite sen ningún tipo de aviso, cando o cadro de mandos e controis dun automóbil de mediano prezo é xa tan complexo que pode provocar unha distracción en calquera momento. Os impresionantes paneis electrónicos dedicados á campaña do goberno mentres a perigosa mancha de aceite está dedicada ó Garda Civil local e ós seus métodos manuais. ¿Non lles lembra algo?

Todo isto cando os cen díxitos de control no coche son un constante foco de interferencia técnica. Pero precisamente trátase de dificultar a vella independencia en todos os campos, neste caso, de impedir a condución instintiva, intuitiva, aquela comuñón co ruído do motor, coa vibración do coche, coa música e a evolución do ceo no parabrisas que era parte de conducir –ah, aquelas estradas de Carintia, do País Vasco. En todo debe triunfar a información e o control sobre as propias intuicións, sobre a intelixencia que brota

da mesma vida. Non podemos conducir por ti, é certo, pero o ideal é ese, de aí que as autoridades se queixen e prometan facer todo o posible para o lograr. Entre as novas tecnoloxía do automóbil e as novas tecnoloxías da intimidación, pronto o conseguirán.

Coa nova regulamentación, en suma, acentúase esa ecuación segundo a cal liberdade é igual a control. ¿A felicidade?: escoller nun menú de opcións numeradas, avaladas, garantidas. Todo o día permaneces pechado nun cálculo de riscos pero, ás sete de tarde, en xullo, podes xogar coas pas na praia –algo por agora non regulado. ¿Non estamos contentos? O vello Kant morrería de risa con este novo réxime da minoría de idade cristalizada, acordada globalmente. Cada cidadán debe ser como un inválido protexido polo Estado, o mesmo Estado que o deixou inválido. Non deixa de ser abraiante a perfección do mecanismo. Ningún pastor, un só rabaño. Cada un é libre e ó mesmo tempo garante as opcións ditadas maioritariamente, como demostran as enquisas e a economía. Nin Orwell o imaxinaría mellor.

7- Se o sistema nos mete polos ollos o alcol e os coches, xa suficientemente gravados por impostos, se os gobernos teñen a ben inaugurar autoestradas, se o índice de vendas de automóviles é crucial en calquera economía, é de supor que o Estado quere que nos matemos doutro modo. En efecto, para calquera país que se precie, sobre todo se aspira a ser unha potencia turística, que a xente morra rebentada á luz do día dá mala imaxe, mesmo ten algo de terrorista. Hai que morrer como a Sociedade manda, fóra da vista do público. En lugar do tabaco, os ansiolíticos. En lugar de suicidio, a eutanasia. En lugar da estrada, o estrés laboral, o negocio médico ou a comida-lixo legal.

A xente debe morrer de calquera maneira social, artificial, violenta: ou sexa, en espazos climatizados. ¿Quen lembra aínda o que era a morte natural, na casa, na cama? No peor dos casos, a eutanasia está aí para a impedir no último momento. Supondo que esa estatística do 40% sexa algo máis que unha broma macabra nunha sociedade que non deixa vivir e que en ningún caso soporta a morte natural –se ocorre algún accidente e alguén morre na cama, ha de viaxar a toda présa ó tanatorio–, os non mortos na estrada deben morrer nas listas de espera da Seguridade Social.

De calquera maneira, para manter as estatísticas, a xente debe morrer debido ás enfermidades da época, de modo artificial, sacrificial, espectacular. En caso contrario, ¿como habería noticias? Polo tanto, igual que no asunto do tabaco, é como se o Estado tivese celos de que te mate outro, de que ti te mates a ti mesmo, quitándolle a el a

exclusiva. ¿Á maneira de antano, entón, cando o suicidio lle quitaba a Deus a prerrogativa das vidas? Por ningún lado parece que escapemos da relixión, aínda que sexa na forma desta relixión ultrasocial e laica, este mundialsocialismo dun só rabaño, sen pastor visible.

8- O morto en estrada é caro, pois hai que pagar seguros, pensión de viuvez, de orfandade –por certo, ambas as dúas miserables. Isto por non falar da invalidez e dos seus onerosos cargos á Seguridade Social, xa en por si medio arruinada. Por enriba, está a imaxe do país. O estilo un pouco “solto” dos condutores españois e portugueses é chocante na civilizada Europa, onde ata para violarte che piden desculpas. ¿Simplemente, estamos a falar dunha medida para incentivar o consumo? Despois de toda esta presión, é difícil non beber, aínda que só sexa para esquecer.

Por unha vez, fagamos as estatísticas completas. ¿Cantos cidadáns beberán de máis por culpa da ansiedade que crean as novas normas, cantos perderán concentración por iren pendentes dos controis? ¿Cantos suicidas haberá de máis por quilómetro de autoestrada?, se de todas todas che van meter un paquete, ¿por que non acelerar? Como mínimo, hai que pensar que alguén da cuadrilla se embebedará o dobre en nome do condutor. Ou ben que o grupo collerá un hotel nas proximidades. De calquera maneira, o medo, as multas, os puntos e a perda de carné incentivan o negocio da recadación, o das autoescolas, o dos seguros; por suposto, o do medo e a información en torno ó tema.

Como ven, todo redunda en beneficio da economía. Igual que na agricultura, trátase de dificultar a simple supervivencia, un simple “ir tirando”, para encarecer a conducción. Fóra, quedarán descolgados os mozos drogados, os delincuentes habituais, a masa flutuante de inmigrantes ilegais. Pero quizais tamén se trata de desmarcar a masa de condutores nacionais da “chusma” de inmigrantes e a elite de delincuentes profesionais, sen molestos afeccionados polo medio.

9- Aínda que, desgraciadamente, todo pode ser máis complexo que a simple pasta. Como o enfermo de cancro, que incubou a súa enfermidade nesa combinación letal de quimioterapia e dependencia que establece o sistema médico, así o automobilista debe esmorecer entre as normas. Debe morrer en sociedade. Mellor dito, moito antes de morrer, debe estar enfermo de neurose mortal. A lóxica preventiva require iso, unha sorte de morte preventiva, por medo. Desta maneira conséguese unha especie de eternidade do cidadán, do que queda del, crioxenizado en vida polo acolloamento xeral.

Ademais, un cidadán permanentemente asustado –e xustificando ademais o seu medo coa nova ideoloxía do consenso total– é o ideal do televidente, o consumidor perfecto de información. Xa o dicía hai pouco Marilyn Manson, un auténtico intelectual no contorno social que o rodea, o Sartre que merecemos: se a xente non ten medo, non consume. ¿Por que? Porque o consumo é un sistema interactivo de peche, un reflexo que soamente funciona con demos exteriores.

Por esa razón, é preciso estar incansablemente avisados dos innumerables perigos que nos axexan. Non deixa de ser unha simpática noticia que a Garda Civil, con eses mozos números saídos da Academia e cumpridores implacables da nova normativa, forma parte deles. O laicismo triunfante alíase co talante do verán. Todos, tamén os populares, somos nun sentido crucial socialistas.

10- Hai, por suposto, unha innegable rendibilidade electoral nesta campaña de verán que calquera goberno intelixente emprendería. A un relativo baixo custo, sen risco, reducir a mortandade nun 40% –ioh Deus, a miña depresión do 4'2!– permitirá titulares e unha colección de fotos de indubidable eficacia, exactamente igual que antes o permitía inaugurar pantanos.

Pero dáse ademais outro matiz neste atascamento de verán. Como a esquerda, particularmente os socialistas, adelgazou segundo esixen as exiguas marxas da regra democrática, apenas lle queda nada para se diferenciar. De aí que poidan e deban dicir en público: “Estar contra o tabaco e o alcol é de esquerdas”. En efecto, á esquerda apenas lle queda outra cousa. E pola mesma lóxica: “Non correr é de esquerdas”. A xente non debe morrer de morte violenta, senón cunha morte perfectamente gradual e preparada onde a depresión anterior, a mediocridade consensual previa, case envolva a morte. De maneira que esta xa case non engada nada, apenas un díxito máis no panel de control. ¿Ven como por todas as partes triunfa a seguridade do numérico sobre a brusquidade do cualitativo? Para que logo digan que a pobre informática non ten ideoloxía.

11- Resumindo. Que corran se queren os que aínda non chegaron, os que teñen que baixar cada verán a Marrocos, os que teñen que asaltar cada semana as fronteiras, os que escapan da solución final do Estado de Israel que, curiosamente, tamén ataca en verán. Nós xa chegamos, xa estamos no lugar adecuado, no momento xusto. Así que, xunto a unha batalla política de

corrección democrática, con esta medida os socialistas chaman a atención sobre os logros sociais alcanzados. Non fai falta matarse, xa vivimos bastante ben.

Por suposto, a xente seguirá correndo, xa que non sabemos parar –poderíanos atrapar o demo do atraso–, pero convidásenos a que utilicemos os xogos electrónicos, Internet, o cambio de canle, a carreira para chegar a fin de mes ou por cubrir os puntos de rendemento na empresa, como únicas pistas de proba. Nada de se rebentar na estrada. Así, no mesmo verán que se negocia cos terroristas de onte, perségúense os terroristas de mañá, esa cuadrilla de mozos aloucados, de homes incorrectos –a muller debe ser outra historia– que poñen en perigo a imaxe oficial do país.

¿Os populares sentirán algo máis que celos por non ter sabido eles adiantarse con esta audaz medida? A todo isto, posiblemente a todos os políticos os irrita cada día máis que poidamos vivir sen eles, sen sequera meternos con eles. De maneira que nos dan un bo motivo para falar do goberno, da sociedade e do Estado durante todo o puto día, mesmo en vacacións. Conséguese así unha participación que nas eleccións resulta difícil. Para que consuma a sociedade, é necesario non deixar o cidadán en paz, nin sequera eses minutos que tomaba para se ir de cañas.

Coordinación: A.R. López e S. Noia. Deseño: Signum.

